

PROXECTO

orçamentos
2015

INFORME
DAS DEPUTACIÓNS
PROVINCIAIS

XUNTA DE GALICIA



MEMORIA DOS ORZAMENTOS DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DE GALICIA

CONTIDO

I.	PRESENTACIÓN	7
II.	ORZAMENTOS DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS	11
II.1.	INGRESOS	15
II.1.1.	TOTAL DEPUTACIÓNS/GALICIA	15
II.1.2.	VARIABLES DE INGRESOS EN RELACIÓN COA POBOACIÓN PROVINCIAL	26
II.1.3.	EVOLUCIÓN DE INGRESOS DO PERÍODO 2003-2014	29
II.1.4.	ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA	36
II.1.5.	ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO	40
II.1.6.	ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE	44
II.1.7.	ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	48
II.2.	GASTOS	52
II.2.1.	TOTAL DEPUTACIÓNS/GALICIA	52
II.2.2.	VARIABLES DE GASTOS EN RELACIÓN COA POBOACIÓN PROVINCIAL	63
II.2.3.	EVOLUCIÓN DE GASTOS DO PERÍODO 2003-2014	66
II.2.4.	ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA	72
II.2.5.	ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO	77
II.2.6.	ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE	82
II.2.7.	ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	87
II.3.	PRINCIPAIS INDICADORES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (METODOLOXÍA SEC 95-SEC 2010)	92
II.3.1.	TOTAL DEPUTACIÓNS	92
II.3.2.	ORZAMENTO DEPUTACIÓN DA CORUÑA	93
II.3.3.	ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE LUGO	93
II.3.4.	ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE OURENSE	94
II.3.5.	ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	94



PRESENTACIÓN

I. PRESENTACIÓN

A presente Memoria reflicte os Orzamentos iniciais das catro deputacións de Galicia para o ano 2014, de acordo ao disposto na disposición adicional terceira do Estatuto de Autonomía de Galicia, que establece que os orzamentos das deputacións provinciais galegas uniranse aos da Xunta, dentro do marco xeral de coordinación coas administracións locais de Galicia.

Esta Memoria pretende, ser un instrumento máis de coñecemento da realidade das facendas locais, neste caso do ámbito provincial, e proporcionar unha descrición dos orzamentos sinxela e sintética.

A Memoria soamente recolle a través de táboas e gráficos as principais magnitudes orzamentarias, divididas en dúas partes: ingresos e gastos, incluíndo unha serie coa evolución de catro variables principais, como o total do orzamento, os ingresos tributarios, os gastos de persoal e as operacións de capital, ao longo dos doce últimos anos (2003-2014).

Tamén se describen as finalidades dos gastos segundo a estrutura de programas, destacando as principais áreas e políticas, tanto a nivel do conxunto das catro deputacións como de cada unha delas por separado.

Engádese ao final os principais indicadores en termos de contabilidade nacional dos dous últimos anos.

Para maior información, pódense consultar os Orzamentos de cada deputación nos seguintes enlaces web:

A CORUÑA: <http://www.dicoruna.es/deputacion/economia-facenda/deputacion/2014/orzamento-2014>

LUGO: http://www.deputacionlugo.org/portal_localweb_ag/RecursosWeb/DOCUMENTOS/1/5_9110_1.pdf

OURENSE: <http://dpouv2.depourense.es/index.php/intervencion/category/154-orzamento>

PONTEVEDRA: <http://www.depo.es/web/edepo/info-econom-deputacion-2014>



ORZAMENTOS DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS

II. ORZAMENTOS DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS

Os orzamentos que se presentan neste documento son os aprobados como iniciais para o ano 2014, para as catro deputacións galegas, presentados aquí de xeito sistemático e conxunto, coa mesma metodoloxía das memorias das deputacións dos anteriores orzamentos.

Nesta memoria se presentan os orzamentos das catro deputacións provinciais de Galicia e o orzamento suma das catro para o ano 2014, que acompañan aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015. A fonte de información son os orzamentos das entidades analizadas, sendo esta Memoria unha breve presentación agregada dos datos contidos neles. Recoméndase para calquera dúbida ver a documentación completa que figura publicada nas páxinas web de cada deputación provincial. Con motivo dos cambios legislativos dos últimos anos no eido orzamentario, sintetízanse en primeiro lugar as normas que regulan as facendas locais e os seus orzamentos.

Legislación aplicable:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, lei reguladora das bases de réxime local
- R.D. legislativo 2/2004, de 5 de marzo, do texto refundido da lei reguladora das facendas Locais (artigos 162 a 171)
- Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade Financeira
- R.D. 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da LXEP
- R.D. 500/1990, de 20 de abril, regulamento orzamentario
- Orde do 20 de setembro de 1989, pola que se establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais
- Os orzamentos preséntanse segundo o disposto na Orde do Ministerio de Economía e Facenda, EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais:

No tocante aos ingresos, atenderase ao artigo 9 relativo á clasificación económica do ingreso, isto é, separando as operacións correntes, as de capital e as financeiras, de acordo coa estrutura que por capítulos, artigos, conceptos e subconceptos detállase no anexo IV da Orde

Respecto aos gastos, segundo o artigo 3, no que se recolle que os estados de gastos dos orzamentos das entidades locais clasifícanse cos seguintes criterios:

- Por programas.
- Por categorías económicas.
- Opcionalmente, por unidades orgánicas (non se recolle este criterio nesta memoria).

En primeiro lugar, represéntase, cuns gráficos de sectores, as diferentes porcentaxes que o orzamento de cada deputación achega ao total das catro (toda Galicia), tanto en termos absolutos como en euros per cápita. (coa poboación a 1 de xaneiro de 2014, datos provisionais do Instituto Galego de Estatística). A continuación reflíctense as principais liñas orzamentarias do orzamento de ingresos de 2014 e a súa comparativa co do ano 2013 do total deputacións e de cada unha delas por separado.

A descrición dos orzamentos provinciais comeza cunha distribución do total entre as catro e a comparativa co ano anterior, séguelle a presentación nunha táboa a distribución por capítulos e agregados orzamentarios principais do ano 2013, cos importes e porcentaxes respecto do total, xunto á comparativa co orzamento inicial do ano anterior, mostrando as variacións en porcentaxe, de cada capítulo e agregado.

Así mesmo reflíctese nunha gráfica a comparativa entre os dous últimos anos dos diferentes pesos porcentuais por capítulos.

Os orzamentos aquí reflectidos son os resultantes da consolidación entre os das deputacións e os organismos autónomos, segundo o disposto no artigo 147.l.c. da Lei 39/1988 e o artigo 12.b. do R.D. 500/1990, unha vez descontadas as transferencias internas, para as entidades provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra, mentres que no caso da Coruña non é necesaria dita consolidación.

Ao respecto, convén resaltar que para o orzamento de 2013, producíronse importantes cambios, pola aplicación do principio de racionalización da administración e dos recursos públicos, coa simplificación da estrutura organizativa; sobre todo no que respecta ao orzamento da Deputación de Pontevedra, no que soamente queda para consolidar a Fundación Escola Universitaria de Enfermería, debido á disolución de seis organismos autónomos (Organismo Autónomo Provincial de Xestión de Recursos Locais (ORAL), Museo, Turismo, Escola de canteiros, Instituto para a Promoción e Equipamento de Solo Industrial da Provincia de Pontevedra (IPESPO) e Caixa de Anticipos).

No que atinxe ao orzamento da deputación de Lugo, dicir que tamén experimentou nese ano a disolución do INLUDES (Instituto lucense de desenvolvemento).

Así, a organización das deputacións reflectidas no orzamento é a seguinte:

1. Deputación da Coruña. Orzamento: 157.600.560,00€
2. Deputación de Lugo:
 - Orzamento da propia entidade: 82.213.866,35 €
 - Sociedade Urbanística Provincial (SUPLUSA): 5.938.722,21 €
 - Fundación TIC: 3.189.240,34 €
 - Consorcio Provincial de extinción de incendios: 5.170.751,60 €

- Consolidación dos 4 entes (LOE) 89.441.549,70 €
- 3. Deputación de Ourense,
 - Orzamento da propia deputación: 73.700.000€ (incremento do 11,5% debido ao Fondo Complementario de Financiamento)
 - Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico (IN.OR.D.E): 1.509.212,88€
 - Consolidación: 73.809.212,88 €
- 4. Deputación de Pontevedra, orzamento consolidado de 146.484.975€
 - Orzamento da propia deputación: 146.381.975€
 - Escola Universitaria de Enfermería, importe: 476.000€
 - Consolidación: 146.484.975€

II.1. INGRESOS

II.1.1. TOTAL DEPUTACIÓN/GALICIA

O orzamento global das catro deputacións provinciais de Galicia para o ano 2014 presenta un lixeiro crecemento interanual, pasando dos 461,2 millóns de € de 2013 aos 467,3 do orzamento de 2014, isto é unha subida de 6,2 millóns de € e o 1,3%, superior á variación do IPC (0,4%, de variación anual de xaneiro 2014).



TOTAL INGRESOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA 2013-2014

	2013	%	2014	%
A Coruña	156.690.800	34,0%	157.600.560	33,7%
Lugo	89.462.179	19,4%	89.441.550	19,1%
Ourense	66.473.964	14,4%	73.809.213	15,8%
Pontevedra	148.552.227	32,2%	146.484.975	31,3%
Galicia	461.179.170	100%	467.336.298	100%

Esta variación á alza respecto ao ano 2013 foi debida case en exclusiva ao significativo crecemento do orzamento da Deputación de Ourense, que incrementou o seu importe dos 66,5 aos 73,8 millóns de euros, o que representa un incremento porcentual do 11%. Noutro extremos figura a diminución do 1,4% do orzamento pontevedrés, sen amosar variación o de Lugo e cunha escasa subida o da Coruña, do 0,6%.

O orzamento de Ourense segue a ser o de menor importe das catro deputacións, aínda que, debido ao seu crecemento, se reducen as diferenzas, mentres que a súa porcentaxe sobre o total dos catro orzamentos incrementábase 1,4 puntos, pasando de representar o 14,4% ao 15,8%. O orzamento provincial da Coruña con 157,6 millóns de euros, segue a ser o de maior importe, co 33,7% do total, seguida moi preto polo de Pontevedra,

146,5 millóns. e o 31,3%. O de Lugo, con 89,4 millóns non reflicte variación nin en canto a importe nin no peso porcentual respecto do total.



Se temos en conta a variable poboacional, tomando, como en anos anteriores, os datos do Padrón municipal de habitantes, publicado polo IGE, coa poboación provisional a un de xaneiro de 2014, habería que sinalar en primeiro lugar un descenso de 15.940 persoas en Galicia, o que representa o -0,58% interanual, e con variacións á baixa nas catro provincias. A Coruña experimentou a maior baixada en número de habitantes, con 4.888 menos, aínda que ao seguir tendo a maior poboación das catro provinciais, o seu descenso porcentual foi menor que a media.

A poboación da provincia de Ourense cun descenso de 4.025 persoas, foi a que diminuíu en maior proporción, co -1,23%. Así, os datos dos orzamentos divididos polo número

de habitantes de cada provincia reflicte, como cabe esperar, que os de Lugo e Ourense son significativamente superiores á media de Galicia e aos das outras dúas deputacións.

INGRESOS PER CÁPITA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA

	Ano 2013	Ano 2014
A Coruña	137,8	139,2
Lugo	258,8	261,0
Ourense	203,7	229,1
Pontevedra	155,7	154,2
Galicia	166,9	170,1

A media de ingresos per cápita dos orzamentos provinciais de Galicia medrou 3,2 euros, debido ao lixeiro crecemento dos orzamentos en termos absolutos e ao descenso poboacional. O de Ourense é o que máis creceu, xa que neste caso foi o de maior aumento da súa facenda xunto ao descenso de poboación, en menor medida tamén os de Coruña e Lugo reflectiron cifras per cápita maiores neste ano, compensando a diminución da cifra orzamentaria na Coruña, e aínda que o orzamento de Lugo non variou desde 2013. En Pontevedra debido a diminución de ambas variables, o resultado en termos de euros por habitante descendeu lixeiramente respecto a 2013.



Principais características da estrutura de ingresos

Un dos cambios nos orzamentos de 2014 foi a eliminación no orzamento inicial do recurso ao crédito, destacando que en ningún dos catro orzamentos se consignan créditos no capítulo IX de variación de pasivos financeiros, que trae como consecuencia uns orzamentos orixinados case plenamente en operacións non financeiras, chegando a representar o 99,4% do total de recursos.

TOTAL DEPUTACIÓNS		
ORZAMENTO DE INGRESOS (€)	IMPORTE	%
Operacións non financeiras	464.647.971	99,4%
Operacións correntes	456.960.852	97,8%
Operacións de capital	7.687.119	1,6%
Operacións financeiras	2.688.326	0,6%
TOTAL	467.336.298	100,0%
INGRESOS TOTAL DEPUTACIÓNS		
Ingresos tributarios (I, II, III)	91.419.558	19,6%
Transf. correntes (IV)	360.228.571	77,1%
Ingresos patrimoniais (V)	5.312.723	1,1%
Operacións de capital (VI, VII)	7.687.119	1,6%
Operacións financeiras (VIII, IX)	2.688.326	0,6%
TOTAL	467.336.298	100,0%

Así, a composición do orzamento das catro deputacións, presenta as seguintes liñas xerais:

- O 97,8% dos seus recursos, 457 millóns de euros, son ingresos de operacións correntes, destes ingresos:
 - A partida máis cuantiosa é o capítulo IV, de transferencias e de participación nos tributos estatais, que é o de maior peso porcentual na estrutura de ingresos, co 77,1% do orzamento das catro deputacións e unha cifra de 360,2 millóns de euros.
 - Os ingresos tributarios, capítulos I, II e III, representan o 19,6% do total, cun importe de 91,4 millóns de euros
 - Os ingresos do capítulo V, patrimoniais, cun importe de 5,3 millóns de euros, soamente absorben o 1,1% do total.
- soamente o 1,6% son ingresos de capital, cun importe de 7,7 millóns de euros (capítulos VI e VII), que son os recursos que sufriron a maior diminución en 2014.
- Por último, as operacións financeiras representan soamente o 0,6% do total dos recursos, cunha cifra de 2,7 millóns de euros, referidas este ano exclusivamente ao capítulo VIII de variación de activos financeiros.



Queda patente así, un cambio na estrutura de ingresos das entidades provinciais, sendo os ingresos correntes case a única fonte de recursos. Obsérvase que o capítulo de transferencias correntes, xa supera as tres cuartas partes do total dos recursos, nas que a principal partida é a transferencia da Administración Xeral do Estado, en concepto de participación nos tributos do Estado. En segundo lugar, son os ingresos procedentes dos tributos provinciais (impostos e taxas e prezos públicos) os que achegan ás arcas provinciais preto da quinta parte do total de recursos orzamentarios. O que pon de manifesto como o mantemento destas entidades recae cada vez máis sobre a cidadanía.

No que respecta á diferente composición do orzamento de ingresos de cada deputación, obsérvase que o orzamento da Deputación de Lugo manifesta unha diferente composición, caracterizada pola presenza significativa de ingresos de capital, aínda que tamén reflicte un descenso importante neste agregado, menor ca nos orzamentos das outras provincias, ao diminuír tanto as transferencias de capital como o alleamento de investimentos reais, cun descenso global do 41%. Lémbrese que en 2013 tamén tivo unha importante diminución e malia esta variación nos dous últimos exercicios, a porcentaxe de ingresos de capital no orzamento lucense é do 6,1%, moi superior ao do total dos catro orzamentos provinciais, que é do 1,6%.

ESTRUTURA DE INGRESOS				
	DEPUTACIÓN DA CORUÑA		DEPUTACIÓN DE LUGO	
ORZAMENTO DE INGRESOS (€)	IMPORTE	%	IMPORTE	%
Operacións non financeiras	156.870.560	99,5%	89.090.674	99,6%
Operacións correntes	156.870.560	99,5%	83.601.984	93,5%
Operacións de capital	0	0,0%	5.488.690	6,1%
Operacións financeiras	730.000	0,5%	350.875	0,4%
TOTAL	157.600.560	100,0%	89.441.550	100,0%
Detalle				
Ingresos tributarios (I, II, III)	31.330.245	19,9%	16.081.041	18,0%
Transf. correntes (IV)	124.011.705	78,7%	66.465.843	74,3%
Ingresos patrimoniais (V)	1.528.610	1,0%	1.055.100	1,2%
Operacións de capital (VI, VII)	0	0,0%	5.488.690	6,1%
Operacións financeiras (VIII, IX)	730.000	0,5%	350.875	0,4%
TOTAL	157.600.560	100,0%	89.441.550	100,0%
	DEPUTACIÓN DE OURENSE		DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	
ORZAMENTO DE INGRESOS (€)	IMPORTE	%	IMPORTE	%
Operacións non financeiras	73.509.213	99,6%	145.177.524	99,1%
Operacións correntes	72.501.763	98,2%	143.986.545	98,3%
Operacións de capital	1.007.450	1,4%	1.190.979	0,8%
Operacións financeiras	300.000	0,4%	1.307.451	0,9%
TOTAL	73.809.213	100,0%	146.484.975	100,0%
Detalle				
Ingresos tributarios (I, II, III)	13.344.637	18,1%	30.663.635	20,9%
Transf. correntes (IV)	58.926.664	79,8%	110.824.359	75,7%
Ingresos patrimoniais (V)	230.463	0,3%	2.498.551	1,7%
Operacións de capital (VI, VII)	1.007.450	1,4%	1.190.979	0,8%
Operacións financeiras (VIII, IX)	300.000	0,4%	1.307.451	0,9%
TOTAL	73.809.213	100,0%	146.484.975	100,0%

Esta diferenza é moi acusada co orzamento da Coruña, no que non se consignan no orzamento inicial partidas de ingresos de capital, sendo a case totalidade dos seus recursos, un 99,5%, de natureza corrente. Nos orzamentos das provincias de Ourense e Pontevedra tamén diminúen significativamente estes ingresos, uns 57,2 e 70,6% respectivamente, sobre todo no tocante ao capítulo VII de transferencias de capital, na maior parte doutras administracións, entre as que noutros exercicios destacaban a europea, coa achega de fondos de cohesión (FEDER e FSE en maior medida) e autonómica.


O capítulo de ingresos de maior importe e peso porcentual na estrutura orzamentaria segue a ser o IV. Transferencias correntes, que chega a representar o 77,1% do orzamento suma das catro deputacións, cun importe de 360,2 millóns de euros. Nos orzamentos da Coruña e Ourense esta porcentaxe é aínda superior co 78,7 e 79,8% respectivamente; reflectindo a menor porcentaxe deste capítulo o orzamento lucense, co 74,3%.

A segunda fonte de recursos a compoñen os de natureza tributaria, isto é, os impostos, tanto directos como indirectos e as taxas, prezos públicos e outros ingresos desta natureza, que representan preto do 20% dos recursos, cun total de 91,4 millóns de euros, nos que son os impostos directos os de maior cifra, seguido polo capítulo III de taxas e prezos públicos. Esta porcentaxe de media de ingresos tributarios sobre o total de ingresos é superada pola que reflicten estes ingresos no orzamento pontevedrés que con 30,7 millóns neste agregado, é o de maior importe e peso porcentual, 20,9%, e tamén na Coruña dita porcentaxe é lixeiramente maior ca media, co 19,9% e 31,3 millóns de ingresos tributarios.

Na comparativa entre os importes de 2013 e 2014, destaca como xa se viu o acusado descenso dos ingresos de capital, sobre todo das transferencias desa destinadas a investimentos, capítulo VII, xa que diminúe en 7,7 millóns de euros para o total das catro deputacións, quedando cunha cifra menor ca metade do ano anterior, un 56,2% menor, pasando dos 13,7 aos 6 millóns de euros. Téñase en conta que o orzamento da Deputación da Coruña, presenta un feito singular ao non ter previsto ingresar por operacións de capital ningún importe, tanto no ano anterior como neste.

**TOTAL DEPUTACIÓNS
ORZAMENTO DE INGRESOS**

CAPITULOS	(euros)				
	2013		Incrém. % Interanual	2014	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Impostos Directos	34.222.629	7,4%	2,9%	35.200.065	7,5%
II. Impostos Indirectos	20.946.218	4,5%	18,2%	24.757.833	5,3%
III. Taxas e Outros ingresos	31.616.419	6,9%	-0,5%	31.461.660	6,7%
<i>Ingresos tributarios</i>	86.785.266	18,8%	5,3%	91.419.558	19,6%
IV. Transferencias Correntes	349.911.061	75,9%	2,9%	360.228.571	77,1%
V. Ingresos Patrimoniais	6.118.700	1,3%	-13,2%	5.312.723	1,1%
Operacións correntes	442.815.026	96,0%	3,2%	456.960.852	97,8%
VI. Alleamento Investimentos Reais	2.005.519	0,4%	-16,4%	1.675.723	0,4%
VII. Transferencias de Capital	13.721.174	3,0%	-56,2%	6.011.396	1,3%
Operacións de capital	15.726.693	3,4%	-51,1%	7.687.119	1,6%
Operacións non financeiras	458.541.719	99,4%	1,3%	464.647.971	99,4%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	2.637.451	0,6%	1,9%	2.688.326	0,6%
IX. Variación Pasivos Financeiros	0	0,0%		0	0,0%
Operacións financeiras	2.637.451	0,6%	1,9%	2.688.326	0,6%
TOTAL INGRESOS	461.179.170	100%	1,3%	467.336.298	100%



Outro dato salientable foi que este importante descenso foi similar nos tres orzamentos provinciais.. Así como se dicía o capítulo VII diminúe fortemente e de xeito xeneralizado, cun descenso interanual porcentual do 70,6% no orzamento pontevedrés, no que a cifra consignada pasou dos 4,1 millóns de 2013 aos 1,2 millóns de 2014, cunha perda

significativa da porcentaxe que este capítulo tiña na súa estrutura de ingresos de case dous puntos porcentuais. No orzamento de Ourense tamén diminúe en gran proporción, nun 56,5% ao pasaren dos 2,4 millóns de 2013 a 1 millón en 2014, coa correspondente perda de peso representativo na súa estrutura de ingresos, do 3,5% ao 1,4%.

No orzamento de Lugo, que como se dicía é o que este capítulo ten maior importe e peso relativo, o descenso foi de 3.5 millóns de euros, o 48,2% pasando dos 7,4 aos 3,8 millóns de euros; como consecuencia o seu peso relativo na composición de ingresos pasou do 8,2% ao 4,3% que segue a ser con diferenza a de maior presenza nos catro orzamentos e no total.

Tamén o capítulo VI reflectiu un gran descenso, dun 16,4%, malia que dado o menor importe deste, non tivo variación da súa porcentaxe na estrutura de ingresos, quedando con soamente o 0,4% como o ano pasado. Este capítulo soamente está consignado nos orzamentos de dúas deputacións provinciais: Lugo e Ourense, e foi nesta última onde o seu descenso foi maior.

O capítulo V de ingresos patrimoniais, descendeu desde o 2013, nun 13,2% para o total das catro deputacións, cunha lixeira variación á baixa na súa porcentaxe sobre o total de ingresos, actualmente de 1,1%.

Nesta descrición de variacións á baixa na comparativa entre 2013 e 2014, o último capítulo foi o capítulo III de taxas, prezos públicos e outros ingresos de natureza tributaria, que diminuíu moi lixeiramente, -0,5%, e a súa porcentaxe sobre o total de ingresos minou 2 décimas, quedando no 6,7% do orzamento total, sendo o terceiro capítulo en peso porcentual na composición de ingresos. O único orzamento no que este capítulo non diminúe é o de Lugo, que reflicte un incremento interanual do 10%, que ademais provoca unha suba da porcentaxe sobre o total de ingresos, que chega ao 8,1% e superando aos outros dous compoñentes de orixe tributaria.

Noutro extremos se sitúa o descenso experimentado polas taxas e prezos públicos no orzamento provincial da Coruña, -6%. Os descensos nos outros dous orzamentos son menores, no orzamento de Pontevedra reflíctese un leve descenso interanual, do -0,4%, que ao ser menor que o descenso do total de ingresos, lle implica unha leve suba do seu peso porcentual na composición de ingresos. No de Ourense este capítulo descende nun -3,7%.

Noutra banda están as variacións á alza do resto de capítulos que conclúen un lixeiro incremento interanual de 6,2 millóns de euros e o 1,3%, que como se viu estivo reflectido no importante crecemento do orzamento ourensán, que con 7,3 millóns máis de cifra de total de ingresos, chegou aos 73,8 millóns de orzamentos, o que representa un unha suba do 11%.

A variación máis significativa á alza foi a experimentada polo capítulo II de impostos indirectos, cunha taxa de crecemento do 18,2%, pasando dos 20,9 millóns aos 24,8 de 2014, que conduce a que a súa porcentaxe sobre o total medre en oito décimas ata o 5,3%, continuando a ser o capítulo dos ingresos tributarios de menor importe dos tres.

No que atinxe á evolución deste capítulo nos catro orzamentos provinciais, obsérvase que en dous deles se manifestan aumentos, do 13,5% na Coruña, mentres que no orzamento de Ourense é a primeira vez que este capítulo ten consignación inicial no seu orzamento, que lle provoca unha reestruturación da composición dos seus capítulos de ingresos, xa que estes impostos indirectos representan o 4,9% dos seus recursos, e conduce a que o capítulo IV, o de maior peso porcentual baixe a pesares de reflectir un crecemento interanual.

Contrariamente nos orzamentos das deputacións provinciais de Lugo e Ourense reflectíronse minoracións deste capítulo, que en ambos casos, rolda o -5%.

Os impostos directos, capítulo I, medran lixeiramente para o total dos orzamentos, cun 2,9% , maior ca o incremento do total de recursos, que implica un leve crecemento da súa porcentaxe sobre o total e que segue a ser o segundo capítulo coa porcentaxe máis alta na súa estrutura de recursos orzamentarios, o 7,5% a gran distancia do maior, e a principal dos de natureza tributaria.

Este crecemento da consignación inicial do estimado a ingresar polos impostos directos prodúcese en tres dos catro orzamentos provinciais; diminúe no da Coruña e crece nos tres restantes.

Así, destaca o forte aumento deste capítulo no orzamento ourensán que ao pasar dos 2,5 millóns aos 4,1, reflicte un incremento do 64%, moi superior á taxa de crecemento do seu total, que implica un aumento da súa importancia relativa na composición de ingresos de case dous puntos porcentuais, aínda que segue a ser superado polo capítulo III (como no caso de Lugo), contrariamente á media e nos outros dous orzamentos provinciais de Coruña e Pontevedra. Nos orzamentos de Lugo e Pontevedra os crecementos non son tan intensos, cunhas taxas do 1,6% e 0,4% respectivamente.

Con esta descrición das significativas variacións experimentadas no orzamento provincial de Ourense, se conclúe unha manifesta recolocación dos seus compoñentes de ingresos, xa que os seus ingresos tributarios medraron en 5 millóns de euros, desde 2013, pasando dos 8,3 aos 13,3 que representa unha taxa do 60,6%, que conleva unha importante suba do seu peso relativo na estrutura de ingresos, pasando do 12,5 de 2013 ao 18,1% en 2014, é dicir, 5,6 puntos porcentuais máis.

Como se dicía, no orzamento provincial da Coruña, a tendencia foi a contraria, xa que minorou nun 4,7%, coa conseguinte perda de seis décimas na súa porcentaxe sobre o total dos seus recursos, a pesares do cal, segue a ser o orzamento no que o capítulo

I ten maior peso na composición de ingresos, co 9,5% superior ao da media dos catro orzamentos en 2 puntos porcentuais.

O capítulo IV, tamén crece a unha taxa do 2,9% respecto do 2013 para o orzamento total das catro corporacións provinciais, que ao seren o de maior importe e cun crecemento superior ao do total de ingresos, leva a reafirmar a súa supremacía na estrutura de ingresos, xa que chega a representar máis que as tres cuartas partes do orzamento total das catro provincias, xa que de cada 100 euros consignados nos orzamentos iniciais das deputacións galegas, 77 teñen a súa procedencia en transferencias correntes, das que a partida principal son procedentes da participación nos tributos do Estado, no concepto do Fondo Complementario de financiamento.

Este crecemento do capítulo IV maniféstase nos catro orzamentos, destacando os incrementos nos de Lugo e Ourense, cunhas taxas superiores ao 5%, e a media para o caso da Coruña. No de Pontevedra o crecemento foi do 0,9%, o menor dos catro.

Na comparativa entre os orzamentos provinciais do peso relativo deste capítulo na composición dos recursos, dicir que nas de Coruña e Ourense manifesta unha maior proporción ca media, cunhas porcentaxes de 78,7% e 79,8%, respectivamente, aínda que o caso de Ourense que segue a ser o de maior porcentaxe como nos anos anteriores, é oportuno indicar que minora a súa porcentaxe respecto da que tiña en 2013, que era do 83% debido a que crece menos co total do seu orzamento (11%) e menos ca os seus ingresos tributarios.

O capítulo IV do orzamento provincial de Lugo segue a ser como en anos anteriores o de menor porcentaxe dos catro, aínda que incrementa substancialmente o seu peso, ata acadar o 74,3% dos seus recursos.

Por último, nesta comparativa entre 2013 e 2014, maniféstase o incremento do 1,9% dos activos financeiros, capítulo VIII, aínda que é no orzamento lucense no único que medra este capítulo, no que pasa de 300 mil euros aos 351 mil en 2014.


II.1.2. VARIABLES DE INGRESOS en relación coa poboación provincial

VARIABLES E RATIOS ECONÓMICO-FINANCIERAS

INGRESOS

Euros por habitante e porcentaxes

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Ingresos Totais (IT)	139,2	261,0	229,1	154,2	170,1
Ingresos Tributarios (I+II+III)	27,7	46,9	41,4	32,3	33,3
% ITR / IT	19,9%	18,0%	18,1%	20,9%	19,6%
Transferencias Correntes (IV)	109,5	193,9	182,9	116,6	131,1
% TC / IT	78,7%	74,3%	79,8%	75,7%	77,1%
Operacións Correntes (I ao V)	138,5	243,9	225,0	151,5	166,3
% OC / IT	99,5%	93,5%	98,2%	98,3%	97,8%
Operacións de capital (VI+VII)	0,0	16,0	3,1	1,3	2,8
% TDC / IT	0,0%	6,1%	1,4%	0,8%	1,6%
Operacións Financeiras (VIII+IX)	0,6	1,0	0,9	1,4	1,0
% IF / IT	0,5%	0,4%	0,4%	0,9%	0,6%



Como resumo dos principais agregados de ingresos do orzamento inicial de 2014, expresados en termos de euros por habitante, sinálanse as seguintes características:

○ O total de ingresos consignados ascende a 170,1 euros por habitante, 3 euros máis ca en 2013. Como en anos anteriores os datos dos orzamentos das dúas provincias menos poboadas son maiores ca media de Galicia, superándoa amplamente, con 261 e 229,1€/habitante respectivamente para Lugo e Ourense.

○ O dato da Coruña é o menor dos catro, con 139,2 €/hab. 1€ máis que o dato de 2013, e o de Pontevedra diminúe case 2€, chegando aos 154,2 de 2014.

○ O total do orzamento da deputación de Ourense foi o que reflectiu a maior variación desde 2013, xa que reflecte 25 euros por habitante máis ca o ano pasado, resultado do importante crecemento da cifra orzamentaria e da diminución da poboación.

No relativo á cifra de ingresos tributarios obsérvase en primeiro lugar un incremento desde o ano pasado para a media de Galicia que se sitúa en 33,3 €/hab. e tiña un resultado de 31€/hab.no orzamento inicial de 2013. Como no tocante a cifra do total de ingresos per cápita, tamén neste cao son os orzamentos de Lugo e Ourense os que reflecten os resultados maiores e superiores á media de Galicia, con 46,9 e 41,4 respectivamente, destacando o forte crecemento experimentado para o caso de Ourense que como xa se viu tivo un cambio importante na súa estrutura de ingresos sobre todo polo aumento dos capítulos I, II e III que conforman os ingresos de natureza tributaria, o que se traduce nunhas porcentaxes deste agregado sobre o total de recursos moi semellantes entre uns orzamentos provinciais e outros, flutuando ao redor do 19,6%, sendo a maior porcentaxe a reflectida no orzamento pontevedrés co 20,9% e o 18% de Lugo o da menor.

As transferencias correntes, capítulo IV, como xa se viu é o capítulo de maior importe, presenta unha cifra de 131,1 € por habitante para a media de Galicia (127€ por habitante en 2013). Unha vez máis son os datos de Lugo e Ourense os máis altos, por encima dos 180€/hab., mentres que os outros dous son menores a tamén se sitúan por debaixo da media.

Nesta variable experimentáronse crecementos nos catro dobremente orixinados no incremento do numerador (importe do capítulo de transferencias correntes) como no descenso do denominador (poboación).

Lémbrese que este capítulo é o de maior presenza na composición dos ingresos das entidades provinciais, xa que máis das tres cuartas partes dos recursos das facendas provinciais de Galicia teñen a súa orixe nas transferencias correntes, nas que a partida máis importante é a participación nos tributos do Estado. En 2014 a variabilidade entre uns orzamentos e outros na porcentaxe deste capítulo sobre o total de ingresos diminuíu, oscilando ente o 74,3% de Lugo e o 79,8% de Ourense, sendo ambos orzamentos os que presentaban en anos anteriores os extremos nesta variable.

A suma das variables anteriores máis o capítulo de ingresos patrimoniais, conforman o agregado de ingresos por operacións correntes, que presentan unha cifra media de 166,3 €/habitante, 6 euros máis ca en 2013, lembrando que este conxunto de capítulos medrou nun 3,2% interanual en valores absolutos. Como xa é habitual e como consecuencia do dito ata agora, os orzamentos das dúas provinciais con menor poboación son as que presentan valores por encima da media. Ademais este dato incrementouse en todos os orzamentos, presentando o de Ourense a maior subida con 29€ máis ca en 2013.

Este agregado tivo un crecemento na composición dos recursos das facendas provinciais, chegando a representar o 97,8% do total de ingresos, reflectindo tres orzamentos porcentaxes en torno ao 98-99%, fronte ao 93,5% do orzamento lucense que aínda case foi importante, xa que medrou en 9 puntos porcentuais, pasando do 87,7% de 2012 ao 96% de 2013. No caso de Coruña apreciase un predominio case total desta fonte de ingresos, xa que absorben o 99,5%.

As operacións de capital, capítulos VI e VII, que tiveron un apreciable descenso presentan un resultado medio de 2,8 euros per cápita, menos da metade do valor do ano 2013, que foi de 6 €/hab. de media. Neste agregado intermedio, reflíctense grandes variacións ente os valores en relación coa poboación, xa que flutúan entre os 16 euros por habitante no orzamento de Lugo, o de maior cifra e tamén porcentaxe respecto do total de recursos, co 6% ao dato de Pontevedra, con 1,3 euros per cápita e o 0,8% respecto do total. Lémbrese que no orzamento inicial de ingresos da Deputación provincial da Coruña non se consignaron partidas nestes capítulos de capital.

O orzamento de Lugo aínda que segue a ser o que presenta unha maior cifra tanto en termos absolutos como en relación ao tamaño poboacional, con 16€ por habitante, tamén experimentou un gran descenso, e o seu resultado difire do ano anterior en 11€ per cápita.

Por último nesta táboa, as operacións financeiras (capítulos VIII e IX), presentan un resultado similar nos catro orzamentos, varando entre os 1,4 euros por habitante no orzamento pontevedrés e os seis céntimos per cápita no da Coruña, sendo a media de Galicia de 1 euro por habitante. A súa porcentaxe sobre o total de ingresos non chega en ningún dos catro orzamentos ao 1%, sendo o de maior peso porcentual o de Pontevedra co 0,9% sobre o seu total de ingresos.

II.1.3. EVOLUCIÓN DE INGRESOS DO PERÍODO 2003-2014

De seguido preséntase unha síntese da senda que reflicten os orzamentos iniciais das deputacións galegas nos últimos 12 anos, do ano 2003 ao 2014, referida ao total de recursos consignados e aos ingresos tributarios.


O total do orzamento de ingresos nestes doce anos medrou (en termos de euros correntes de cada ano), cunha taxa interanual media do 1,1%, aínda que tivo un punto de inflexión en 2009, ano a partir do cal, a traxectoria foi decrecente. Así obsérvase que a diferenza entre 2003 a 2009 foi do 47% de crecemento entre ambos extremos, presentando unha cifra de 610,9 millóns, con 195 millóns máis ca en 2003. Pola contra, nos catro últimos anos, acumulouse un descenso do 23,5%, presentando o orzamento de 2012 a menor cifra deste subperíodo, e soamente superando o importe dos orzamentos de 2003, xa que desde 2004 os datos foron superiores aos de 2012.

TOTAL ORZAMENTO INGRESOS

Millóns de euros

	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	Incremento interanual medio
A Coruña	146,1	159,4	160,9	166,8	179,2	197,3	201,4	178,5	175,1	137,0	156,7	157,6	0,7%
Lugo	79,8	102,0	105,3	159,0	139,3	153,7	142,1	143,7	92,1	93,9	89,5	89,4	1,0%
Ourense	75,1	79,1	85,6	77,2	71,8	77,6	86,1	85,2	73,2	71,2	66,5	73,8	-0,2%
Pontevedra	114,8	125,1	141,5	145,8	175,1	161,2	181,3	153,2	137,1	152,8	148,6	146,5	2,2%
Galicia	415,8	465,6	493,4	548,9	565,5	589,7	610,9	560,6	477,4	454,8	461,2	467,3	1,1%


Desde o orzamento de 2009, e polo efecto da crise e contención do gasto pola diminución de ingresos, evidénciase unha caída do -23,5%, que representa unha taxa de diminución interanual media nestes cinco últimos anos do -5,2%.



A evolución desde 2009 foi negativa para os catro orzamentos, sendo o de Ourense o que reflectiu a maior redución do seu orzamento, pasando dos 142,1 millóns en 2009 aos 89,4 de 2014, o que representa unha caída do 37% entre os dous anos e unha taxa de incremento interanual do -8,8%. Noutro extremo figura o descenso do orzamento ourensán, que foi o de menor proporción nestes últimos anos, cunha taxa interanual do -3%,

aínda o cal segue a ser o de menor importe dos catro orzamentos (tamén correspóndese coa provincia de menor poboación).


Se analizamos a senda do intervalo completo, isto é dos 12 anos que van desde 2003 ao 2014, maniféstase que o único orzamento que non medrou foi o de Ourense, cunha taxa de incremento interanual medio do -0,2%, polo que acrecéntase a diferenza que tiña xa desde o ano 2003 co resto dos orzamentos, xa que en todos os anos do período presentou a cifra máis baixa. O de maior incremento interanual medio foi o de Pontevedra, co 2,2%, superior á taxa de crecemento do orzamento total das catro deputacións. O orzamento coruñés, malia ser o que reflectiu o menor incremento desde 2003 segue a ser o de maior importe, destacando que o único orzamento no que o da Coruña non foi o maior foi o de 2012, no que o de Pontevedra o superou.




Tal e como se reflecte na gráfica de liñas, o orzamento da Coruña segue a ser o de maior importe, aínda que a distancia fronte ao de Pontevedra foise reducindo, e mesmo en 2012, superouno.

Na actualidade a cifra orzamentaria nas deputacións de Lugo e Ourense, (esta última mantivo unha traxectoria máis plana en todos os anos e o menor importe das catro e a maior diminución), están por debaixo das de Pontevedra e Coruña, polo que volven a mostrar diverxencia entre elas.


Se engadimos a variable poboacional, tomando en todos os anos do período as cifras provisionais de poboación de cada ano, obsérvase claramente a gran diferenza entre a cifra do orzamento da deputación de Lugo, que partindo xa en 2003 coa maior cifra per cápita, de 220€, foi aumentando a diferenza ao longo do período, reflectindo en 2006 o seu teito, cun valor de 446€/hab., tres veces superior ao importe da Coruña, e o dobre que o de 2002. En 2007 presentou un descenso interanual seguido por novos incrementos, ata chegar á cifra de 2014, con 261€/hab. co que a superioridade que mantiña respecto do resto, non é tan alta, como no medio do intervalo.




O dato máis baixo preséntase no orzamento por habitante da Coruña, con 139 euros, case a metade do dato de Lugo. Séguelle o importe en euros por habitante en Pontevedra, que con 154€ supera ao de Coruña. A evolución en Ourense (a de menor tamaño poboacional e tamén a de menor cifra orzamentaria) foi menor ao longo do período analizado, presentando a segunda cifra en termos per cápita, aínda que lonxe da de Lugo.



A evolución da cifra de ingresos tributarios (impostos directos, indirectos e máis as taxas, prezos públicos e outros ingresos) presentou un crecemento nos anos do período 2003-2014 de maior intensidade que o total de ingresos, presentando unha taxa de crecemento medio interanual do 8,4% para o total das catro deputacións, cunha traxectoria de estancamento e descenso moderado nos tres primeiros anos. No ano 2005, motivado pola nova lexislación das facendas locais, a cifra experimentara un importante crecemento, máis que duplicando a contía de 2004, cun incremento interanual do 119%. A partir dese exercicio os ingresos tributarios presentaron unha traxectoria de crecementos continuados máis moderados. Nos seis últimos anos, polo efecto da crise económica e a caída das rendas, reflíctese unha senda decrecente, cunha minoración da cifra total destes ingresos de 10 millóns, cunha taxa media de diminución do -2,1% nestes cinco anos, aínda hai que destacar que estes ingresos de natureza tributaria acusaron o descenso en menor proporción ca a cifra orzamentaria total.



Isto significa que se ben os ingresos tributarios descenderon nos últimos catro anos, ao facelo en menor proporción que o total de recursos, ganaron en peso relativo na estrutura de ingresos das deputacións galegas no seu conxunto.




Tal e como se pode comprobar na gráfica que se xunta, a evolución da porcentaxe dos ingresos tributarios na estrutura de ingresos das deputacións provinciais, presenta unha traxectoria crecente, pasando do 9,5% en 2002 ao 14,3% do ano 2005, primeiro orzamento logo da modificación legislativa. Desde ese ano os ingresos de natureza tributaria foron medrando a súa porcentaxe, chegando a supoñer o 19,6% do total dos recursos das catro deputacións no orzamento inicial de 2014.

Ademais, o efecto á alza continuou ao longo do resto do período, se ben nestes últimos anos, a perda acontecida noutros ingresos (tanto polo descenso do recurso ao crédito (capítulo IX) como a diminución das transferencias doutras administracións), provocaron unha menor autonomía orzamentaria a costa dunha maior presión tributaria.

INGRESOS TRIBUTARIOS

Millóns de euros


	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	Inc. interanual medio
A Coruña	11,7	9,2	30,1	30,5	32,1	34,6	37,3	35,1	36,2	29,1	31,7	31,3	9,4%
Lugo	10,9	10,4	14,9	17,4	15,1	26,2	28,9	29,9	16,5	17,3	15,6	16,1	3,6%
Ourense	3,9	1,5	1,9	2,6	4,2	4,1	4,4	6,6	6,4	7,7	8,3	13,3	11,8%
Pontevedra	11,1	11,2	23,8	25,5	28,2	30,5	31,3	29,4	30,1	32,7	31,2	30,7	9,7%
Galicia	37,6	32,2	70,7	76,0	79,6	95,4	101,9	98,1	89,2	86,8	86,8	91,4	8,4%



As traxectorias da cifra de ingresos tributarios presentan dous grupos claramente diferenciados: por unha banda, a senda reflectida polo orzamento da Deputación de Ourense, que mostra en todos os anos do período analizado a cifra máis baixa; aínda que hai que destacar que debido ao cambio da súa estrutura de ingresos en 2014, coa consignación das súas previsións de impostos indirectos, por primeira vez no seu orzamento, experimentou un forte crecemento interanual, que globalmente implicou que no orzamento ourensán fose o que experimentou a o maior crecemento, tanto ao comparalo co orzamento de 2003 (241%), cunha taxa de incremento do 11,8%, como se o comparamos co orzamento de 2005 tras a actualización legislativa, e incluso presentando o único crecemento deste agregado nestes últimos anos (de 2009 a 2014) nos que contrariamente aos descensos dos outros orzamentos o de Ourense manifestou un crecemento cunha taxa interanual media do 24,8%.

O outro grupo de traxectorias, formado polo resto de orzamentos provinciais, manifesta que se ben nos tres primeiros anos as cifras de ingresos tributarios eran moi próximas entre si, a partir de 2005, foise abrindo unha maior diferenza, presentando neses anos o orzamento de Lugo o menor importe, aínda que foi converxendo coas outras dúas deputacións cuns ritmos de crecementos maiores, ata que en 2010 presentaron cifras moi preto unhas das outras. En 2011 prodúcese un novo mínimo na cifra do orzamento da deputación de Lugo, cunha forte caída, do 38,6%, que fai diverxer a súa cifra. Como en 2014 o dato de ingresos tributarios do orzamento de Lugo medrou, mentres que os da Coruña e Pontevedra diminuíron, a fenda reduciuse levemente, aínda que se mantén unha clara diferenza na súa cifra.

Como se observa na táboa adxunta, os ingresos tributarios do orzamento da Deputación de Lugo foron os que presentaron o menor crecemento no total do período analizado (2003-2014) cunha taxa media de crecemento do 3,6%, por debaixo da media. Ademais do forte crecemento dos ingresos tributarios no orzamento ourensán xa comentado antes, as taxas medias de crecementos globais nos orzamentos da Coruña e Pontevedra foron similares.



Ao ter en conta o tamaño poboacional, obsérvase claramente unha gran diferenza nos datos reflectidos en termos de euros por habitante no orzamento lucense, moi superior ao resto, en todos os anos do período analizado, describindo a maior superioridade nos anos 2007 a 2010.

En segundo lugar os datos de ingresos tributarios por habitante nos orzamentos de Pontevedra e Coruña que seguen case a mesma traxectoria, compartindo unha mesma liña de evolución, agás a brecha que se produce en 2012, ao separarse o dato da Coruña, por mor do seu descenso, aínda que volve a subir en 2013 e se mantén en 2014, mentres que o de Pontevedra redúcese de xeito continuado nos tres últimos anos.

Por último, cabe destacar de novo que a traxectoria do resultado dos ingresos tributarios por habitante do orzamento provincial de Ourense foi a máis baixa en todos os anos do longo período de 2003 a 2013, salientando que en 2014 presenta un gran crecemento que en termos per cápita aínda é máis evidente, e eleva a súa cifra ata os 41 euros por habitante, moi preto do dato lucense, destacando que por primeira vez no período presenta cifras superiores aos outros dous orzamentos (Coruña e Pontevedra) en termos de euros por habitante.

INTRODUCCIÓN AOS ORZAMENTOS INDIVIDUAIS DE INGRESOS POR DEPUTACIÓN

A continuación descríbense graficamente, de xeito individual, os orzamentos de ingresos de cada unha das deputacións provinciais, coa seguinte secuencia de datos expresivos das principais variables orzamentarias:

- En primeiro lugar, descríbese nunha mesma páxina a estrutura básica dos ingresos, unha táboa sintética que recolle os importes de operacións correntes e de capital, que conforman os ingresos non financeiros; e as súas porcentaxes respecto do total. Así mesmo figuran os gráficos de distribución dos diferentes compoñentes de ingresos.
- En segundo lugar, figura a táboa comprensiva do orzamento inicial 2014, como resultado do estado da consolidación cos OO.AA., e a comparación co orzamento do ano 2013. Así mesmo figura un gráfico coas diferentes porcentaxes de cada capítulo de gastos nestes dous últimos anos.
- En terceiro lugar, descríbese a evolución no período 2003-2014 do total do orzamento de ingresos e dos ingresos tributarios.



Os datos refírense a euros correntes de cada ano, e móstranse coa seguinte orde:

- Táboa comprensiva dos datos da variable obxecto da evolución, expresada en millóns de euros, de cada deputación e a súa comparativa do total deputacións (Galicia), e a taxa de crecemento interanual (%)
- Gráfico de traxectorias, cos datos da táboa anterior (millóns de euros)
- Gráfico coas traxectorias de cada deputación e a media de Galicia, en termos de euros por habitante.

II.1.4. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA


ESTRUTURA DE INGRESOS

DEPUTACIÓN DA CORUÑA		
ORZAMENTO DE INGRESOS (€)	IMPORTE	%
Operacións non financeiras	156.870.560	99,5%
Operacións correntes	156.870.560	99,5%
Operacións de capital	0	0,0%
Operacións financeiras	730.000	0,5%
TOTAL	157.600.560	100,0%
INGRESOS A CORUÑA		
Ingresos tributarios (I, II, III)	31.330.245	19,9%
Transf. correntes (IV)	124.011.705	78,7%
Ingresos patrimoniais (V)	1.528.610	1,0%
Operacións de capital (VI, VII)	0	0,0%
Operacións financeiras (VIII, IX)	730.000	0,5%
TOTAL	157.600.560	100,0%





DEPUTACIÓN DA CORUÑA
ORZAMENTO DE INGRESOS

CAPITULOS	2013		Incrém. % Interanual	2014	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
	(euros)				
OPERACIÓN NON FINANCIERAS					
I. Impostos Directos	15.777.560	10,1%	-4,7%	15.033.987	9,5%
II. Impostos Indirectos	6.589.002	4,2%	13,5%	7.478.600	4,7%
III. Taxas e Outros ingresos	9.381.739	6,0%	-6,0%	8.817.659	5,6%
<i>Ingresos tributarios</i>	31.748.301	20,3%	-1,3%	31.330.245	19,9%
IV. Transferencias Correntes	121.581.432	77,6%	2,0%	124.011.705	78,7%
V. Ingresos Patrimoniais	2.631.067	1,7%	-41,9%	1.528.610	1,0%
Operacións correntes	155.960.800	99,5%	0,6%	156.870.560	99,5%
VI. Alleamento Investimentos Reais	0	0,0%		0	0,0%
VII. Transferencias de Capital	0	0,0%		0	0,0%
Operacións de capital	0	0,0%		0	0,0%
Operacións non financeiras	155.960.800	99,5%	0,6%	156.870.560	99,5%
OPERACIÓN FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	730.000	0,5%	0,0%	730.000	0,5%
IX. Variación Pasivos Financeiros	0	0,0%		0	0,0%
Total Operacións financeiras	730.000	0,5%	0,0%	730.000	0,5%
TOTAL INGRESOS	156.690.800	100%	0,6%	157.600.560	100%



A CORUÑA
TOTAL ORZAMENTO INGRESOS

	Millóns de euros												Inc. interanual medio
	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	
A Coruña	146,1	159,4	160,9	166,8	179,2	197,3	201,4	178,5	175,0	137,0	156,7	157,6	0,7%
Galicia	415,8	465,6	493,4	548,9	565,5	589,7	610,9	560,6	477,4	454,8	461,2	467,3	1,1%




A CORUÑA
INGRESOS TRIBUTARIOS


Milións de euros

	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	Inc. interanual medio
A Coruña	11,7	9,2	30,1	30,5	32,1	34,6	37,3	35,1	36,2	29,1	31,7	31,3	9,4%
Galicia	37,6	32,2	70,7	76,0	79,6	95,4	101,9	98,1	89,2	86,8	86,8	91,4	8,4%

A Coruña. Ingresos Tributarios 2002-2013





A Coruña. Ingresos Tributarios (€ por habitante) 2003-2014



II.1.5. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO

ESTRUTURA DE INGRESOS


DEPUTACIÓN DE LUGO		
ORZAMENTO DE INGRESOS (€)	IMPORTE	%
Operacións non financeiras	89.090.674	99,6%
Operacións correntes	83.601.984	93,5%
Operacións de capital	5.488.690	6,1%
Operacións financeiras	350.875	0,4%
TOTAL	89.441.550	100,0%
INGRESOS LUGO		
Ingresos tributarios (I, II, III)	16.081.041	18,0%
Transf. correntes (IV)	66.465.843	74,3%
Ingresos patrimoniais (V)	1.055.100	1,2%
Operacións de capital (VI, VII)	5.488.690	6,1%
Operacións financeiras (VIII, IX)	350.875	0,4%
TOTAL	89.441.550	100,0%



DEPUTACIÓN DE LUGO
ORZAMENTO DE INGRESOS

(euros)



CAPITULOS	2013		Incrém. % Interanual	2014	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Impostos Directos	4.996.548	5,6%	1,6%	5.076.618	5,7%
II. Impostos Indirectos	3.970.767	4,4%	-5,3%	3.761.697	4,2%
III. Taxas e Outros ingresos	6.584.064	7,4%	10,0%	7.242.726	8,1%
<i>Ingresos tributarios</i>	15.551.379	17,4%	3,4%	16.081.041	18,0%
IV. Transferencias Correntes	63.317.780	70,8%	5,0%	66.465.843	74,3%
V. Ingresos Patrimoniais	970.819	1,1%	8,7%	1.055.100	1,2%
Operacións correntes	79.839.978	89,2%	4,7%	83.601.984	93,5%
VI. Alleamento Investimentos Reais	1.954.518	2,2%	-14,6%	1.668.722	1,9%
VII. Transferencias de Capital	7.367.683	8,2%	-48,2%	3.819.968	4,3%
Operacións de capital	9.322.201	10,4%	-41,1%	5.488.690	6,1%
Operacións non financeiras	89.162.179	99,7%	-0,1%	89.090.674	99,6%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	300.000	0,3%	17,0%	350.875	0,4%
IX. Variación Pasivos Financeiros	0	0,0%	#DIV/0!	0	0,0%
Operacións financeiras	300.000	0,3%	17,0%	350.875	0,4%
TOTAL INGRESOS	89.462.179	100%	0,0%	89.441.550	100%



LUGO
TOTAL ORZAMENTO INGRESOS

Millóns de euros



	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	Inc. interanual medio
Lugo	79,8	102,0	105,3	159,0	139,3	153,7	142,1	143,7	92,1	93,9	89,5	89,4	1,0%
Galicia	415,8	465,6	493,4	548,9	565,5	589,7	610,9	560,6	477,4	454,8	461,2	467,3	1,1%



LUGO
INGRESOS TRIBUTARIOS

Millóns de euros



	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	Inc interanual medio
Lugo	10,9	10,4	14,9	17,4	15,1	26,2	28,9	26,9	16,5	17,3	15,6	16,1	3,6%
Galicia	37,6	32,2	70,7	76,0	79,6	95,4	101,9	98,1	89,2	86,8	86,8	91,4	8,4%



II.1.6. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE


ESTRUTURA DE INGRESOS

DEPUTACIÓN DE OURENSE		
ORZAMENTO DE INGRESOS (€)	IMPORTE	%
Operacións non financeiras	73.509.213	99,6%
Operacións correntes	72.501.763	98,2%
Operacións de capital	1.007.450	1,4%
Operacións financeiras	300.000	0,4%
TOTAL	73.809.213	100,0%
INGRESOS OURENSE		
Ingresos tributarios (I, II, III)	13.344.637	18,1%
Transf. correntes (IV)	58.926.664	79,8%
Ingresos patrimoniais (V)	230.463	0,3%
Operacións de capital (VI, VII)	1.007.450	1,4%
Operacións financeiras (VIII, IX)	300.000	0,4%
TOTAL	73.809.213	100,0%



DEPUTACIÓN DE OURENSE
ORZAMENTO DE INGRESOS



CAPITULOS	2013		Increm. % Interanual	2014	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
(euros)					
OPERACIONES NON FINANCIERAS					
I. Impuestos Directos	2.500.000	3,8%	64,0%	4.100.000	5,6%
II. Impuestos Indirectos	0	0,0%	#DIV/0!	3.647.000	4,9%
III. Taxas e Outros ingresos	5.811.059	8,7%	-3,7%	5.597.637	7,6%
<i>Ingresos tributarios</i>	8.311.059	12,5%	60,6%	13.344.637	18,1%
IV. Transferencias Correntes	55.187.747	83,0%	6,8%	58.926.664	79,8%
V. Ingresos Patrimoniais	323.263	0,5%	-28,7%	230.463	0,3%
Operacións correntes	63.822.069	96,0%	13,6%	72.501.763	98,2%
VI. Alleamento Investimentos Reais	51.000	0,1%	-86,3%	7.000	0,0%
VII. Transferencias de Capital	2.300.895	3,5%	-56,5%	1.000.450	1,4%
Operacións de capital	2.351.895	3,5%	-57,2%	1.007.450	1,4%
Operacións non financeiras	66.173.964	99,5%	11,1%	73.509.213	99,6%
OPERACIONES FINANCIERAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	300.000	0,5%	0,0%	300.000	0,4%
IX. Variación Pasivos Financeiros	0	0,0%		0	0,0%
Operacións financeiras	300.000	0,5%	0,0%	300.000	0,4%
TOTAL INGRESOS	66.473.964	100%	11,0%	73.809.213	100%



OURENSE
TOTAL ORZAMENTO INGRESOS

Millóns de euros



	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	Inc. interanual medio
Ourense	75,1	79,1	85,6	77,2	71,8	77,6	86,1	85,2	73,2	71,2	66,5	73,8	-0,2%
Galicia	415,8	465,6	493,4	548,9	565,5	589,7	610,9	560,6	477,4	454,8	461,2	467,3	1,1%



OURENSE
INGRESOS TRIBUTARIOS

Milións de euros



	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	Inc. interanual medio
Ourense	3,9	1,5	1,9	2,6	4,2	4,1	4,4	6,6	6,4	7,7	8,3	13,3	11,8%
Galicia	37,6	32,2	70,7	76,0	79,6	95,4	101,9	98,1	89,2	86,8	86,8	91,4	8,4%



II.1.7. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA


ESTRUTURA DE INGRESOS

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA		
ORZAMENTO DE INGRESOS (€)	IMPORTE	%
Operacións non financeiras	145.177.524	99,1%
Operacións correntes	143.986.545	98,3%
Operacións de capital	1.190.979	0,8%
Operacións financeiras	1.307.451	0,9%
TOTAL	146.484.975	100,0%
INGRESOS PONTEVEDRA		
Ingresos tributarios (I,II,III)	30.663.635	20,9%
Transf. Correntes (IV)	110.824.359	75,7%
I.patrimoniais (V)	2.498.551	1,7%
Operacións de capital (VI, VII)	1.190.979	0,8%
Operacións financeiras (VIII)	1.307.451	0,9%
TOTAL	146.484.975	100,0%



DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
ORZAMENTO DE INGRESOS



CAPITULOS	2013		Increm. % Interanual	2014	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
	(euros)				
OPERACIONES NON FINANCIERAS					
I. Impuestos Directos	10.948.521	7,4%	0,4%	10.989.461	7,5%
II. Impuestos Indirectos	10.386.449	7,0%	-5,0%	9.870.536	6,7%
III. Tasas e Outros ingresos	9.839.557	6,6%	-0,4%	9.803.638	6,7%
<i>Ingresos tributarios</i>	31.174.527	21,0%	-1,6%	30.663.635	20,9%
IV. Transferencias Correntes	109.824.101	73,9%	0,9%	110.824.359	75,7%
V. Ingresos Patrimoniais	2.193.551	1,5%	13,9%	2.498.551	1,7%
Operacións correntes	143.192.179	96,4%	0,6%	143.986.545	98,3%
VI. Alleamento Investimentos Reais	1	0,0%	0,0%	1	0,0%
VII. Transferencias de Capital	4.052.596	2,7%	-70,6%	1.190.978	0,8%
Operacións de capital	4.052.597	2,7%	-70,6%	1.190.979	0,8%
Operacións non financeiras	147.244.776	99,1%	-1,4%	145.177.524	99,1%
OPERACIONES FINANCIERAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	1.307.451	0,9%	0,0%	1.307.451	0,9%
IX. Variación Pasivos Financeiros	0	0,0%	100,0%	0	0,0%
Total Operacións financeiras	1.307.451	0,9%	0,0%	1.307.451	0,9%
TOTAL INGRESOS	148.552.227	100%	-1,4%	146.484.975	100%



PONTEVEDRA
TOTAL ORZAMENTO INGRESOS



Millóns de euros

	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	Inc. interanual medio
Pontevedra	114,8	125,1	141,5	145,8	175,1	161,2	181,3	153,2	137,0	152,8	148,6	146,5	2,2%
Galicia	415,8	465,6	493,4	548,9	565,5	589,7	610,9	560,6	477,4	454,8	461,2	467,3	1,1%



**PONTEVEDRA
INGRESOS TRIBUTARIOS**

	Millóns de euros													Inc. interanual medio
	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014		
Pontevedra	11,1	11,2	23,8	25,5	28,2	30,5	31,3	29,4	30,1	32,7	31,2	30,7	9,7%	
Galicia	37,6	32,2	70,7	76,0	79,6	95,4	101,9	98,1	89,2	86,8	86,8	91,4	8,4%	



II.2. GASTOS



II.2.1. TOTAL DEPUTACIÓN/GALICIA

O importe de gastos iguálase ao de ingresos ao presentarse os catro orzamentos equilibrados, destacando as seguintes características na estrutura de gastos no orzamento total de suma dos catro provinciais:

- O 89,4% dos gastos o constitúen operacións non financeiras, cunha cifra de 417,8 millóns de €. Este agregado de gastos presenta un lixeiro aumento de 2,4 millóns de € respecto do orzamento de 2013, o que significa un 0,6% de incremento porcentual, inferior en sete décimas ao crecemento do total de gastos, polo que o seu peso relativo diminúe levemente. Os principais compoñentes, á súa vez son:
 - O 65,6% o constitúen os gastos por operacións correntes (capítulos do I ao V), cun importe de 306,7 millóns de €, cifra que é maior á de 2013 en 8,6 millóns. Isto tradúcese nun incremento porcentual do 2,9%, superior ao crecemento do total, o que implica unha maior presenza destes gastos na súa estrutura orzamentaria, case un punto porcentual máis ca en 2013.
 - O 23,8% son operacións de capital (capítulos VI e VII), cunha cifra de 111 millóns de €, sendo o único agregado intermedio de gastos que diminúe respecto a 2013, ao contrario que os gastos correntes. Ten unha consignación de 6,2 millóns menos, que representan unha diminución porcentual interanual do -5,3%. Como consecuencia prodúcese unha perda de 1,6 puntos porcentuais do peso relativo na estrutura de gastos.
- O 10,6% restante son gastos destinados a operacións financeiras, que experimentaron un crecemento interanual do 8,3%, acadando un importe de 49,6 millóns de €, 3,7 millóns máis ca en 2013. Como o seu crecemento foi moi superior ao total dos gastos, o seu peso relativo na estrutura de gastos medrou 7 décimas, polo que se repite a tendencia desde o ano 2012 e vai ganando peso na estrutura de gastos, en detrimento dos de capital.

ESTRUTURA DE GASTOS

TOTAL DEPUTACIÓNS		
ORZAMENTO DE GASTOS (€)	IMPORTE	%
Operacións non financeiras	417.758.339	89,4%
Operacións correntes	306.738.001	65,6%
Operacións de capital	111.020.338	23,8%
Operacións financeiras	49.577.958	10,6%
TOTAL	467.336.298	100,0%
GASTOS TOTAL DEPUTACIÓNS		
Gastos funcionamento servizos (I, II)	225.382.629	48,2%
Xuros (III)	3.714.852	0,8%
Transferencias correntes (IV)	73.480.520	15,7%
Fondo continxencia e imprevisión (V)	4.160.000	0,9%
Operacións de capital (VI, VII)	111.020.338	23,8%
Operacións financeiras (VIII, IX)	49.577.958	10,6%
TOTAL	467.336.298	100,0%




A comparativa resumida co orzamento do ano anterior, obsérvanse nas seguintes variacións:

- o total de gastos ao igual ca os ingresos medra en 6,2 millóns de euros (1,3%)
- catro capítulos presentan variacións á alza, mentres que cinco minoran o seu importe inicial

- o capítulo que reflicte maior crecemento respecto do ano anterior é o II de compra de bens correntes e servizos, que aumenta en 10,1 millóns de euros, que representa un incremento de 12,1% moi superior ao do total de gastos. Así, este capítulo gana peso relativo na estrutura de gastos, e pasa a ser o segundo destino dos orzamentos provinciais no seu conxunto, xa que constitúen preto da quinta parte do total de destinos, por diante do capítulo de investimentos reais, que tradicionalmente ocupaba este lugar, e manifestaba o esforzo que as corporacións provinciais levan a cabo nas infraestruturas dos seus territorios.
- outro capítulo que presenta un aumento desde 2013 foi o IX de variación de pasivos financeiros, que tamén medra nunha porcentaxe superior ao do total, xa que con 3,9 millóns máis ca en 2013, (un 9,2% máis ca o importe do ano anterior) incrementa en sete décimas o seu peso porcentual, ata chegar ao 9,9%.
- as transferencias, tanto as correntes como as de capital medran respecto a 2013, cuns incrementos porcentuais de 3,5% e 4,3% respectivamente. Estes incrementos implican tamén aumentos do seu peso relativo na estrutura de gastos, aínda que de escasa intensidade en ambos capítulos.
- a diminución de maior proporción produciuse no capítulo III de xuros, que minorou a unha taxa do -27,4% coa conseguinte minoración da súa porcentaxe sobre o total
- foron os investimentos reais, capítulo VI os que tiveron o maior descenso na súa cifra (-7,7%), xa que con 7,2 millóns de euros menos ca 2013 pasaron un importe consignado para o total das catro deputacións de 85,9 millóns de euros, que conduce a unha perda de case 2 puntos porcentuais de peso relativo no mapa de destinos do orzamento, chegando ao 18,4%, perdendo o segundo posto na estrutura de gastos, que como se dicía neste orzamento de 2014 foi para o capítulo II de bens correntes e servizos.

TOTAL DEPUTACIÓN
ORZAMENTO DE GASTOS

CAPITULOS	2013		Increm. % Interanual	2014	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
	(euros)				
OPERACIÓN NON FINANZEIRAS					
I. Gastos de Persoal	134.731.654	29,2%	-1,8%	132.337.862	28,3%
II. Compra de Bens Corr. E Servizos	82.974.469	18,0%	12,1%	93.044.766	19,9%
<i>Gastos funcionamento dos servizos</i>	<i>217.706.124</i>	<i>47,2%</i>	<i>3,5%</i>	<i>225.382.629</i>	<i>48,2%</i>
III. Xuros	5.114.996	1,1%	-27,4%	3.714.852	0,8%
IV. Transferencias Correntes	71.021.842	15,4%	3,5%	73.480.520	15,7%
V. Fondo continxencia e imprevisión	4.335.000	0,9%	-4,0%	4.160.000	0,9%
Operacións Correntes	298.177.962	64,7%	2,9%	306.738.001	65,6%
VI. Investimentos Reais	93.152.302	20,2%	-7,7%	85.933.280	18,4%
VII. Transferencias de Capital	24.053.146	5,2%	4,3%	25.087.058	5,4%
Operacións de capital	117.205.448	25,4%	-5,3%	111.020.338	23,8%
Operacións non financeiras	415.383.410	90,1%	0,6%	417.758.339	89,4%
OPERACIÓN FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	3.471.693	0,8%	-2,9%	3.371.693	0,7%
IX. Variación Pasivos Financeiros	42.324.067	9,2%	9,2%	46.206.265	9,9%
Operacións financeiras	45.795.760	9,9%	8,3%	49.577.958	10,6%
TOTAL GASTOS	461.179.170	100%	1,3%	467.336.298	100%



- os activos financeiros tamén reflectiron un descenso interanual do -2,9%, aínda que a súa porcentaxe e importe respecto do total segue a ser escaso en comparación cos outros capítulos
- finalmente o capítulo de gastos de persoal tivo unha variación á baixa, do -1,8%, froito da austeridade orzamentaria e contención do gasto, que está sufrindo so-

bre todo o persoal das administracións públicas, aínda que segue sendo o principal destino dos recursos das facenda locais e autonómicas, representando case o 30% do total de gastos das catro deputacións, malia o descenso na estrutura de gastos, que pasou dunha porcentaxe do 29,2% no orzamento inicial de 2013 ao 28,3% actual.

Como consecuencia destas variacións nos capítulos do orzamento de gastos das catro deputacións, a estrutura dos mesmos modificouse lixeiramente:

o conxunto de operacións financeiras medrou a súa porcentaxe sobre o total de gastos, chegando a representar o 10,6% en detrimento das operacións non financeiras

das non financeiras, un ano máis se constata a diminución das operacións de capital, sobre todo no que atinxe aos investimentos directos, mentres que o conxunto de gastos correntes incrementa a súa posición, orixinada neste caso en gran medida no acusado incremento do capítulo II e por conseguinte do agregado intermedio de gastos de funcionamento dos servizos, que medraron a unha taxa do 3,5% superior ao incremento do total, polo que o seu peso relativo no total incrementase 1 punto, ata chegar a representar case a metade dos gastos, co 48,2%.

ESTRUTURA DE GASTOS				
	DEPUTACIÓN DA CORUÑA		DEPUTACIÓN DE LUGO	
ORZAMENTO DE GASTOS (€)	IMPORTE	%	IMPORTE	%
Operacións non financeiras	140.391.854	89,1%	78.063.432	87,3%
Operacións correntes	105.507.507	66,9%	55.397.250	61,9%
Operacións de capital	34.884.347	22,1%	22.666.182	25,3%
Operacións financeiras	17.208.706	10,9%	11.378.117	12,7%
TOTAL	157.600.560	100,0%	89.441.550	100,0%
GASTOS A CORUÑA		%		
Gastos funcionamento servizos (I, II)	63.059.274	40,0%	46.087.109	51,5%
Xuros (III)	302.988	0,2%	673.679	0,8%
Transferencias correntes (IV)	38.985.246	24,7%	8.636.462	9,7%
Fondo continxencia e imprev (V)	3.160.000	2,0%	0	0,0%
Operacións de capital (VI,VII)	34.884.347	22,1%	22.666.182	25,3%
Operacións financeiras(VIII, IX)	17.208.706	10,9%	11.378.117	12,7%
TOTAL	157.600.560	100,0%	89.441.550	100,0%
	DEPUTACIÓN DE OURENSE		DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	
ORZAMENTO DE GASTOS (€)	IMPORTE	%	IMPORTE	%
Operacións non financeiras	68.479.785	92,8%	130.823.268	89,3%
Operacións correntes	54.037.699	73,2%	91.795.545	62,7%
Operacións de capital	14.442.087	19,6%	39.027.723	26,6%
Operacións financeiras	5.329.428	7,2%	15.661.707	10,7%
TOTAL	73.809.213	100,0%	146.484.975	100,0%
GASTOS OURENSE				
Gastos funcionamento servizos (I, II)	46.703.572	63,3%	69.532.674	47,5%
Xuros (III)	1.489.571	2,0%	1.248.614	0,9%
Transferencias correntes (IV)	5.844.555	7,9%	20.014.257	13,7%
Fondo continxencia e imprev (V)	0	0,0%	1.000.000	0,7%
Operacións de capital (VI,VII)	14.442.087	19,6%	39.027.723	26,6%
Operacións financeiras(VIII, IX)	5.329.428	7,2%	15.661.707	10,7%
TOTAL	73.809.213	100,0%	146.484.975	100,0%

A estrutura de gastos de cada un dos orzamentos presenta diferenzas, entre as que se poderían salientar as seguintes:

O orzamento ourensán é o que presenta unha maior porcentaxe de gastos destinados a operacións correntes, co 73,2% do total, fronte ao orzamento de Lugo que como en anos anteriores, e aínda que tivo un acusado descenso nos seus gastos de capital, segue a presentar a porcentaxe de gastos destinados a operacións correntes máis baixo das catro.


No que atinxe aos gastos de capital, investimentos reais e transferencias, obsérvase que é o orzamento da deputación de Pontevedra o que presenta unha maior porcentaxe, destinado a estes gastos máis das cuartas partes do seu orzamento; séguelle moi preto

o dato do orzamento lucense polo descenso destes capítulos, que leva a presentar unha porcentaxe do 25,3%.

As operacións financeiras, nas que o capítulo de amortizacións da débeda pendente é o máis cuantioso representa o 9,9% para o total e foi en Lugo onde se reflicte a maior porcentaxe, co 12,7% do seu orzamento destinado a cubrir as operacións financeiras.

TOTAL DEPUTACIÓNS
ORZAMENTO DE GASTOS

CAPITULOS	2013		Increm. % Interanual	2014	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
(euros)					
OPERACIÓNS NON FINANCIERAS					
I. Gastos de Persoal	134.731.654	29,2%	-1,8%	132.337.862	28,3%
II. Compra de Bens Corr. E Servizos	82.974.469	18,0%	12,1%	93.044.766	19,9%
<i>Gastos funcionamento dos servizos</i>	<i>217.706.124</i>	<i>47,2%</i>	<i>3,5%</i>	<i>225.382.629</i>	<i>48,2%</i>
III. Xuros	5.114.996	1,1%	-27,4%	3.714.852	0,8%
IV. Transferencias Correntes	71.021.842	15,4%	3,5%	73.480.520	15,7%
V. Fondo continxencia e imprevisión	4.335.000	0,9%	-4,0%	4.160.000	0,9%
Operacións Correntes	298.177.962	64,7%	2,9%	306.738.001	65,6%
VI. Investimentos Reais	93.152.302	20,2%	-7,7%	85.933.280	18,4%
VII. Transferencias de Capital	24.053.146	5,2%	4,3%	25.087.058	5,4%
Operacións de capital	117.205.448	25,4%	-5,3%	111.020.338	23,8%
Operacións non financeiras	415.383.410	90,1%	0,6%	417.758.339	89,4%
OPERACIÓNS FINANCIERAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	3.471.693	0,8%	-2,9%	3.371.693	0,7%
IX. Variación Pasivos Financeiros	42.324.067	9,2%	9,2%	46.206.265	9,9%
Operacións financeiras	45.795.760	9,9%	8,3%	49.577.958	10,6%
TOTAL GASTOS	461.179.170	100%	1,3%	467.336.298	100%



ESTRUTURA POR PROGRAMAS DOS ORZAMENTOS DE 2013 DAS DE- PUTACIÓNS PROVINCIAIS

Os orzamentos iniciais de gastos das catro deputacións presentan para o seu conxunto unha característica diferente aos anos anteriores, consistente en que, por primeira vez, a área de gasto 4 de "Actuacións de carácter económico" non é a principal finalidade dos mesmos, aínda que a política de gasto 45 "Infraestruturas" segue a ser o principal destino dos gastos, cunha porcentaxe do 17% sobre o total.

A área de gasto que absorbe unha maior consignación no orzamento inicial de 2014 para o conxunto das catro deputacións, é a 9 destinada a "Actuacións de carácter xeral", que por primeira vez constitúe a principal finalidade dos gastos, debido sobre todo a caída dos gastos de operacións de capital. Esta área de gasto absorbe o 28% do total dos orzamentos das catro deputacións no que atinxe a súa estrutura por programas, tendo en conta que se trata de orzamentos sen consolidar.

Nesta área de gasto 9 inclúense os gastos relativos a actividades da Entidade local consistentes no exercicio de funcións de goberno ou de apoio administrativo, de soporte lóxico e técnico a toda a organización, xunto as de transferencias a outras administracións públicas.


Nesta área consígnanse un total de 129,1 millóns de euros, que supón 17,7 millóns máis ca en 2013 (o 16% de taxa de incremento). A política de gasto de maior importe é a 92 Servizos de carácter xeral, con 57,3 millóns de euros e o 44% desta área de gasto e o 12,5% do total de gastos das catro deputacións, seguida pola política de gasto 93 destinada á Administración financeira e tributaria que chega a representar o 6,9% do total de gastos.

Este esquema reflíctese nos orzamentos de dúas deputacións, no de Lugo e no de Pontevedra, se ben neste último a política de gasto co maior importe dentro do grupo 9, é a destinada ás transferencias a outras administracións públicas, que absorbe o 15% do total.

Noutra banda a estrutura das outras dúas facendas provinciais segue presentando como área de gasto de maior porcentaxe e importe sobre o total a destinada a actuacións de carácter económico, o 33% no orzamento coruñés e o 30% no ourensán.

**CLASIFICACIÓN POR PROGRAMAS DE GASTO
(Orzamentos sen consolidar)**

Área de gasto	Política de gasto	TOTAL DEPUTACIÓN
1 SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS		36.925.649
	13 Seguridade e mobilidade cidadá	6.299.127
	15 Vivenda e urbanismo	4.102.264
	16 Benestar comunitario	20.994.112
	17 Medio ambiente	5.530.147
2 ACTUACIONES DE PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN SOCIAL.		61.204.716
	21 Pensións	8.882.046
	22 Outras prestacións económicas a favor de empregados	3.840.869
	23 Servizos Sociais e promoción social	35.044.022
	24 Fomento do Emprego	13.437.779
3 PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE		60.348.853
	31 Sanidade	496.438
	32 Educación	9.743.736
	33 Cultura	32.723.184
	34 Deporte	17.385.495
4 ACTUACIÓN DE CARÁCTER ECONÓMICO		127.306.690
	41 Agricultura, Gandeiría e Pesca	13.106.312
	42 Industria e enerxía	3.935.555
	43 Comercio, turismo e PEMES	7.351.659
	44 Transporte público	0
	45 Infraestruturas	101.731.896
	46 Investigación, desenvolvemento e innovación	533.000
	49 Outras actuacións de carácter económico	648.267
9 ACTUACIÓN DE CARÁCTER XERAL		129.062.121
	91 Órganos de goberno	11.055.362
	92 Servizos de carácter xeral	57.259.404
	93 Administración financeira e tributaria	31.748.264
	94 Transferencias a outras Administracións Públicas	28.999.090
0 DÉBIDA PÚBLICA		45.048.372
	01 Débeda Pública	45.048.372
	TOTAL	459.896.401



Para o conxunto dos catro orzamentos, cun importe moi próximo ao do grupo 9, figura o 4, Actuación de carácter económico, con 127,3 millóns de euros e o 28% tamén sobre o total de gastos. Intégranse nesta área os gastos de actividades, servizos e transferencias que conducen a desenvolver o potencial dos distintos sectores da activida-

de económica. Tamén comprende os gastos en infraestruturas básicas e de transportes; infraestruturas agrarias; comunicacións; investigación, desenvolvemento e innovación.

Como se dicía é a política de gasto 45 a destinada ás infraestruturas a de maior importe das deste grupo nos catro orzamentos provinciais, con 101,7 millóns de euros en total e unha porcentaxe global do 22%. É no orzamento coruñés onde se reflicte o maior importe e porcentaxe desta política de gasto, que chega a absorber o 28% do total. A continuación, reflectindo o peso do sector primario na economía galega, esta a política de gasto 41 “Agricultura, gandería e pesca” con 13,1 millóns de euros e o 3% sobre o total, tendo a maior presenza no orzamento lucense, cunha porcentaxe destes gastos preto do 5% do seu total.

As Actuacións de protección e promoción social, incluídas na área de gasto 2, son a terceira finalidade dos gastos para o conxunto das catro deputación, cunha cifra de 61,2 millóns que representa o 13,3% sobre o total. Inclúense nesta área todos aqueles gastos e transferencias que constitúen o réxime de previsión, as pensións de funcionarios, atencións de carácter benéfico-asistencial; atención a grupos con necesidades especiais, como mozos, maiores, persoas con discapacidade e terceira idade; tamén comprende as medidas de fomento do emprego. Neste orzamento de 2014, entre estas destaca a política de gasto dirixida aos servizos sociais e promoción social, a 23, con máis da metade do importe da área e o 8% do total de gastos.

No orzamento ourensán non se reflicte esta porcentaxe dos gastos destinados á protección e promoción social, xa que co 3% representa a área de gasto de menor importe do seu orzamento.

A área de gasto de Producción de bens públicos de carácter preferente, área 3, contén todos os gastos relacionados coa sanidade, educación, cultura, tempo de lecer, deporte, e, en xeral, todos aqueles tendentes á elevación ou mellora da calidade de vida. Presenta un importe e porcentaxe moi semellante ao do grupo ou área 2, sendo a política de gasto de maior orzamento a dirixida a promoción da cultura, que representa máis do 50% da área de gasto e o 7% do total de gastos.

Nesta área de gasto non se reflicten variacións importantes das porcentaxes a ela destinadas entre os catro orzamentos, mesmo salientando a cultura nos catro orzamentos como a política de gasto de maior cifra.

2014 - Comparativa dos gastos Orzamentos das deputacións por programas de gasto (orzamentos sen consolidar)											
Área de gasto	Política de gasto	A CORUÑA	%	LUGO	%	OURENSE	%	PONTEVEDRA	%	TOTAL	%
1	SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS	2.034.412	1,3%	7.134.283	8,7%	20.572.472	27,9%	7.184.482	4,9%	36.925.650	8,0%
	13 Seguridade e mobilidade cidadá	350.000	0,2%	2.565.576	3,1%	1.766.884	2,4%	1.616.667	1,1%	6.299.127	1,4%
	15 Vivenda e urbanismo	0	0,0%	1.354.854	1,6%	0	0,0%	2.747.410	1,9%	4.102.264	0,9%
	16 Benestar comunitario	65.000	0,0%	792.625	1,0%	18.237.884	24,7%	1.898.603	1,3%	20.994.113	4,6%
	17 Medio ambiente	1.619.412	1,0%	2.421.229	2,9%	567.703	0,8%	921.802	0,6%	5.530.147	1,2%
2	ACTUACIONES DE PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN SOCIAL	26.484.027	16,8%	11.940.457	14,5%	2.236.083	3,0%	20.544.149	14,0%	61.204.716	13,3%
	21 Pensións	8.881.844	5,6%	0	0,0%	0	0,0%	202	0,0%	8.882.046	1,9%
	22 Outras prestacións económicas a favor de empregados	1.838.969	1,2%	1.067.500	1,3%	2.000	0,0%	932.400	0,6%	3.840.869	0,8%
	23 Servizos Sociais e promoción social	14.461.583	9,2%	2.747.893	3,3%	1.810.000	2,5%	16.024.546	10,9%	35.044.022	7,6%
	24 Fomento do Emprego	1.301.631	0,8%	8.125.064	9,9%	424.083	0,6%	3.587.001	2,5%	13.437.779	2,9%
3	PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE	19.076.098	12,1%	11.710.855	14,2%	7.716.130	10,5%	21.845.770	14,9%	60.348.854	13,1%
	31 Sanidade	0	0,0%	0	0,0%	496.437	0,7%	1	0,0%	496.438	0,1%
	32 Educación	4.460.285	2,8%	2.021.085	2,5%	1.234.670	1,7%	2.027.696	1,4%	9.743.737	2,1%
	33 Cultura	10.882.163	6,9%	5.883.963	7,2%	3.612.490	4,9%	12.344.568	8,4%	32.723.184	7,1%
	34 Deporte	3.733.650	2,4%	3.805.807	4,6%	2.372.533	3,2%	7.473.505	5,1%	17.385.495	3,8%
4	ACTUACIONES DE CARÁCTER ECONÓMICO	51.484.163	32,7%	19.460.459	23,7%	21.922.927	29,7%	34.439.141	23,5%	127.306.691	27,7%
	41 Agricultura, Gandeiría e Pesca	2.327.561	1,5%	3.753.617	4,6%	1.005.040	1,4%	6.020.095	4,1%	13.106.313	2,8%
	42 Industria e enerxía	2.512.055	1,6%	18.000	0,0%	1.400.000	1,9%	5.500	0,0%	3.935.555	0,9%
	43 Comercio, turismo e PEMES	1.810.000	1,1%	2.034.035	2,5%	0	0,0%	3.507.624	2,4%	7.351.659	1,6%
	44 Transporte público	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
	45 Infraestruturas	44.000.158	27,9%	13.347.929	16,2%	19.517.887	26,5%	24.865.922	17,0%	101.731.897	22,1%
	46 Investigación, desenvolvemento e innovación	374.000	0,2%	154.000	0,2%	0	0,0%	5.000	0,0%	533.000	0,1%
	49 Outras actuacións de carácter económico	460.390	0,3%	152.878	0,2%	0	0,0%	35.000	0,0%	648.267	0,1%
9	ACTUACIONES DE CARÁCTER XERAL	42.029.454	26,7%	23.932.952	29,1%	14.733.390	20,0%	48.366.325	33,0%	129.062.121	28,1%
	91 Órganos de goberno	2.272.552	1,4%	2.437.166	3,0%	3.513.274	4,8%	2.832.370	1,9%	11.055.362	2,4%
	92 Servizos de carácter xeral	20.706.344	13,1%	14.242.367	17,3%	9.189.321	12,5%	13.121.372	9,0%	57.259.405	12,5%
	93 Administración financeira e tributaria	15.407.934	9,8%	3.939.377	4,8%	2.030.795	2,8%	10.370.158	7,1%	31.748.264	6,9%
	94 Transferencias a outras Administracións Públicas	3.642.624	2,3%	3.314.041	4,0%	0	0,0%	22.042.425	15,1%	28.999.090	6,3%
0	DÉBEDA PÚBLICA	16.492.405	10,5%	8.034.861	9,8%	6.518.999	8,8%	14.002.108	9,6%	45.048.372	9,8%
	01 Débeda Pública	16.492.405	10,5%	8.034.861	9,8%	6.518.999	8,8%	14.002.108	9,6%	45.048.372	9,8%
	TOTAL	157.600.560	100,0%	82.213.866	100,0%	73.700.000	100,0%	146.381.975	100,0%	459.896.404	100,0%

A Débeda pública segue a ter un considerable peso porcentual na composición dos gastos por programas, mesmo máis alta ca en anos anteriores, xa que con 45 millóns de euros dos catro orzamentos en total, absorbe o 9,8% do total de gastos. Comprende os gastos de xuros e amortización da débeda pública e demais operacións financeiras e natureza análoga, con exclusión dos gastos que ocasione a formalización das mesmas.

A porcentaxe de gastos destinados á débeda pública flutúa entre o 10,5% do orzamento coruñés e o 8,8% do ourensán, polo que non hai grandes diferenzas entre as catro facendas provinciais.

Por último a área de gasto I Servizos públicos básicos, que comprende todos aqueles gastos orixinados polos servizos públicos básicos que, con carácter obrigatorio, deben prestar os concellos, ao abeiro do artigo 31.2 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, atendendo á función das provincias de cooperación e asistencia aos concellos.

O importe total destinados a esta área é de 36,9 millóns que representan o 8% do total, destacando a política de gasto destinadas ao benestar comunitario, a 16, con 21 millóns e o 4.6% do total do orzamento.

Nesta área de gasto, como en anos anteriores destaca a elevada porcentaxe do orzamento da deputación de Ourense que destina a ela o 28% do total, sendo no seu orzamento a segunda prioridade de gasto, destacando que o importe da política de gasto de benestar comunitario lle representa case a cuarta parte dos seus gastos. dedúcese así unha gran diferenza entre os catro orzamentos provinciais no que atinxe tanto a esta área, como ao benestar comunitario, xa que no outro extremo do reflectido en Ourense, destaca o 1,3% do orzamento coruñés no que a única política de gasto que alcanza o 1% é a de medio ambiente, e o 0,04 % de benestar comunitario, que presenta os importes máis baixos dos catro orzamentos neste grupo de gastos.

II.2.2. VARIABLES DE GASTOS en relación coa poboación provincial

O total de gastos coincide co total de ingresos ao presentarse os orzamentos equilibrados. A cifra de gastos de persoal (capítulo I) é de 48,2 €/hab., 1 € inferior ao dato de 2013, de media de Galicia, situándose por encima deste dato as cifras dos orzamentos de Ourense (con 88,2€) e Lugo (con 74,1€), as provincias de menor poboación. A Coruña foi a que presentou a menor cifra de gastos de persoal por habitante, con 33,7€/habitante, igual aos datos dos dous anos anteriores.

O resultado no orzamento pontevedrés foi o que tivo a maior variación respecto do ano anterior, cunha baixa de -2,3 euros.

No relativo ao peso relativo deste capítulo na composición dos gastos, dicir que presenta unha media do 28,3 inferior en case un punto porcentual á dos últimos anos, que reflicte unha vez máis a política de redución orzamentaria das conta públicas. Destaca a alta porcentaxe dos gastos de persoal na Deputación de Ourense, xa que co 38,5%, supera en 14 puntos porcentuais a porcentaxe de Coruña, que é a menor e evidencia a escasa marxe que queda para outros gastos. Por outra banda as porcentaxes das dúas restantes aproxímanse ao dato da media, ao redor do 28%.

As cifras do total por operacións correntes (capítulos do I ao V, este último o novo capítulo do Fondo de continxencia) presentan unha tendencia similar aos gastos de persoal, xa que foron as cifras de Lugo e Ourense, con 161,6 e 167,7€/hab. respectivamente, as que superaron a media, que se sitúa nos 111,6 €/hab. (3 € por encima do dato de 2013); mentres que A Coruña e Pontevedra presentan cifras semellantes.

Como consecuencia do elevado peso dos gastos de persoal na composición de gastos, foi na Deputación de Ourense onde se reflectiu a maior porcentaxe de gastos correntes sobre o total, cunha porcentaxe do 73,2%, que xunto á porcentaxe do orzamento da Coruña, co 66,9% foron as que superaron a porcentaxe media (65,6%), que tivo un incremento respecto a do ano 2013. En Lugo e Pontevedra a porcentaxe rolda o 62%.


GASTOS

Euros por habitante e porcentaxes

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Gastos Totais	139,2	261,0	229,1	154,2	170,1
Gastos de Persoal (Cap I)	33,7	74,1	88,2	42,4	48,2
% GP/GT	24,2%	28,4%	38,5%	27,5%	28,3%
Operacións Correntes (I ao V)	93,2	161,6	167,7	96,6	111,6
% OC/GT	66,9%	61,9%	73,2%	62,7%	65,6%
Operacións de Capital (VI+VII)	30,8	66,1	44,8	41,1	40,4
% OC/GT	22,1%	25,3%	19,6%	26,6%	23,8%
Operacións Financeiras (VIII+IX)	15,2	33,2	16,5	16,5	18,0
% OF/GT	10,9%	12,7%	7,2%	10,7%	10,6%

